



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 17 de abril de 2019**

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 10 de abril de 2019.
2. Concédese licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar en Casás, Ardán, Marín.
3. Concédese licenza de obras de cambio de cuberta, cambio de ventás e instalación de SATE nas fachadas, na vivenda existente en Arealonga, nº 13, Marín.
4. Acórdase o inicio do expediente de contratación das obras de “Sistema de retención de sólidos no aliviadoiro e equipos para incrementar caudais de impulsión da estación de bombeo de augas residuais da Goleta”, cun orzamento base de licitación de 133.779,54 euros, incluídas no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
5. Dáse conta das bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, da Axencia Turismo de Galicia.
6. Dáse conta da convocatoria de axudas correspondentes ó Programa estatal de incentivos á mobilidade eficiente e sostible (Programa MOVES), da Axencia Instituto Enerxético de Galicia.
7. Apróbase o proxecto e solicitude de autorización para reinvestir as baixas xeradas no Plan Concellos 2017, por importe de 23.146,22 euros, con destino ó financiamento do investimento “Instalación de baños no patio norte da praza de abastos de Marín”, cun orzamento total de 28.006,93 euros.
8. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Concédese licenza de obras para a construción de vivenda unifamiliar no lugar de Outeiro, Marín.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

|  |   |                                  |
|--|---|----------------------------------|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30002D91400N4J8C4Z2E3H1 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a> | <b>FIRMANTE - FECHA</b>   | DOCUMENTO 20190186644            |
|  | MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 02/05/2019<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/05/2019 14:53:55 | Fecha: 02/05/2019<br>Hora: 14:53 |

